



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-17M2-Obras cruzadas

Elementos da baralla

- Esta baralla ten un total de 48 cartas sobre a obra de Luisa Villalta, escritora coruñesa homenaxada no día das Letras galegas 2024.
- Está composta por 20 títulos, divididos en dúas partes, así como 8 cartas especiais: 2 comodíns, 2 "rouba unha", 2 "rouba dúas" e 2 "bloquea quenda". Tamén hai dúas cartas coas instrucións.
- Tes un reverso único e varios anversos para imprimir. Tes que imprimir as cartas co seu anverso e reverso para formar as 28 parellas e poder xogar.
- Recomendamos plastificar as cartas para unha maior durabilidade e reusabilidade.

Indicacións da iconas

- Podes atopar 5 categorías ás que pertencen as obras de Luisa. Cada categoría ten unha cor identificativa:
 - Violín laranxa: poesía
 - Violín azul: teatro
 - Violín verde: ensaio
 - Violín rosa: narrativa
 - Violín branco: tradución
- Os violíns amarelos correspóndense coas cartas extra ou especiais (con efectos positivos e negativos)



Soporte das cartas

- Na aula virtual podes atopar o modelo stl para imprimir en 3D o soporte para as cartas.

Indicacións de xogo

a. Xogo sen cartas extra

- Aconsellable para 4 persoas xogadoras.
- Unha das persoas baralla as cartas e reparte 4 a cada unha, deixando o resto das cartas nun mazo no centro da mesa.
- A persoa elixida para comezar o xogo deberá completar correctamente obras facendo coincidir as dúas partes do título e colocando as cartas ao seu carón. No caso de non poder facelo, collerá unha carta do mazo e pasará a vez á seguinte persoa.
- Cando o mazo finalice, cada persoa poderá coller na súa quenda unha carta do compañeiro/a da esquerda ao chou para ir emparellando títulos ata que pase unha rolda sen cambios.
- Gaña o xogo a persoa que teña máis títulos correctos.

b. Xogo con cartas extra

- Igual que no caso anterior, pero poden empregarse comodíns para substituír unha das partes dunha obra e formar título. Tamén hai cartas de "roubar" (para usar na túa quenda) ou "bloquear a quenda" dalgunha das persoas participantes (pode usarse en calquera momento).
- A estratexia de xogo é importante para conseguir gañar o xogo formando título cun comodín ou gardándoo para cando avance o xogo, así como utilizando as cartas extra de roubo e bloqueo nos momentos adecuados.

c. Parellas

- Pode xogarse individualmente ou en grupos.
- Escóllese o número de parellas da obra de Villalta desexado, barállanse e dispóñense boca abaixo. A primeira persoa ou grupo dá a volta un máximo de dúas cartas.
- Se son parella (conformando o título completo da obra) quedan boca arriba. Se non, víranse de novo e pasa a xogar a seguinte persoa ou grupo.
- Gaña quen destape e emparelle máis títulos correctos.

Crea as túa cartas

- Emprega os modelos para engadir máis obras de Luisa e outras cartas.